


Recursos Rurais

Cursos e monografías do IBADER



O desenvolvemento rural de Galicia

Recursos Rurais

Cursos e Monografías do Instituto de Biodiversidade Agraria e Desenvolvemento Rural (IBADER)

Comité Editorial

Dirección

Pablo Ramil Rego
Inst. Biodiversidade Agraria e Desenvolvemento Rural
Departamento de Botánica
Universidade de Santiago de Compostela

Secretaría

Mª Elvira López Mosquera
Inst. Biodiversidade Agraria e Desenvolvemento Rural
Departamento de Producción Vexetal
Universidade de Santiago de Compostela

Membros

Carlos Alvarez López
Inst. Biodiversidade Agraria e Desenvolvemento Rural
Departamento de Enxeñería Agroforestal
Universidade de Santiago de Compostela

Rafael Crecente Maseda
Departamento de Enxeñería Agroforestal
Universidade de Santiago de Compostela

Elvira Díaz Vizcaino
Inst. Biodiversidade Agraria e Desenvolvemento Rural
Departamento de Botánica
Universidade de Santiago de Compostela

María Luisa Fernández Marcos
Inst. Biodiversidade Agraria e Desenvolvemento Rural
Departamento de Edafoloxía
Universidade de Santiago de Compostela

Agustín Merino García
Inst. Biodiversidade Agraria e Desenvolvemento Rural
Departamento de Edafoloxía
Universidade de Santiago de Compostela

Antonio Rigueiro Rodríguez
Inst. Biodiversidade Agraria e Desenvolvemento Rural
Departamento de Producción Vexetal
Universidade de Santiago de Compostela

Luciano Sánchez García
Inst. Biodiversidade Agraria e Desenvolvemento Rural
Departamento de Producción Animal
Universidade de Santiago de Compostela

Dirección para envíos postais:

IBADER
Instituto de Biodiversidade
Agraria e Desenvolvemento Rural
Universidade de Santiago de
Compostela
Campus Universitario s/n.
E 27002 Lugo, Galicia (Spain)



IBADER
Instituto de Biodiversidade
Agraria e Desenvolvemento Rural

Comité Científico Asesor

Dr. Juan Altarriba Farrán
Dpto. Producción Animal
Universidad de Zaragoza

Dr. José Manuel Barreiro Fernández
Dpto. de Organización de Empresas
Universidade de Santiago de Compostela

Dr. Christian Buson
Institut de l'Environnement
Liffrée, Francia.

Dr. Emilio Chuvieco Salinero
Dpto. de Geografía
Universidad de Alcalá de Henares

Dr. Estanislao De Luis Calabuig
Dpto. de Ecología
Universidad de León

Dr. Francisco Díaz-Fierros Viqueira
Dpto. de Edafología
Universidade de Santiago de Compostela

Dr. Javier Esparcia Pérez
Dpto. de Geografía
Universidad Politécnica de Valencia

Dra. Dalila Espirito Santo
Instituto Superior de Agronomía
Universidad Técnica de Lisboa

Dra. María Teresa Felipó Oriol
Dpto. de Edafología
Universidad Politécnica de Cataluña

Dr. Eduardo Galante
Centro Iberoamericano de la Biodiversidad
Universidad de Alicante

Dr. Domingo Gómez Orea
Dpto. de Proyectos y Planificación Rural
Universidad Politécnica de Madrid

Dr. Helena Granja
Dpto. de Geología
Universidade do Minho

Dr. Jesús Izco Sevillano
Dpto. de Botánica
Universidade de Santiago de Compostela

Dr. Knut Kryzywinski
Botanisk Institut
Universidad de Bergen, Noruega

Dr. Jaume Lloveras Vilamanyá
Producción Vegetal
Universidad de Lleida

Dr. Edelmiro López Iglesias
Dpto. de Economía Aplicada
Universidade de Santiago de Compostela

Dr. Felipe Macías Vázquez
Dpto. de Edafología
Universidade de Santiago de Compostela

Dr. Manuel Madeira
Instituto Superior de Agronomía
Universidad Técnica de Lisboa

Dr. Francisco Maseda Emil
Dpto. de Enxeñaría Agroforestal
Universidade de Santiago de Compostela

Dr. Guillermo Meaza Rodríguez
Dpto. de Geografía
Universidad del País Vasco

Dr. Diego Rivera Núñez
Dpto. de Botánica
Universidad de Murcia

Dr. Antonio Rodero Franganillo
Dpto. de Producción Animal.
Universidad de Córdoba

Dr. Isidro Sierra Alfranca
Dpto. de Producción Animal
Universidad de Zaragoza

Dr. Louis Trabaud.
Dpto. de Ecología.
Universidad de Montpellier

Dr. Eduardo Vigil Maeso
Dpto. de Producción Animal
Universidad de Zaragoza

Dr. Francisco Fraga López
Dpto. de Física Aplicada
Universidade de Santiago de Compostela

Recursos Rurais

Cursos e Monografías do Instituto de Biodiversidade Agraria e Desenvolvemento Rural (IBADER)

nº 4 decembro 2006 ISSN 1698-5427

Desarrollo rural en Galicia

Coordinación: Carlos José Álvarez López - Manuel Francisco Marey Pérez

Curso organizado polo Instituto de Biodiversidade Agraria e Desenvolvemento Rural (IBADER), coa colaboración do Departamento de Enxeñería Agroforestal, a Escola Politécnica Superior, a Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible e a Consellería de Medio Rural

Limiar

Dentro do ámbito da actividade investigadora e de divulgación do Instituto de Biodiversidade Agraria e Desenvolvemento Rural (IBADER) da Universidade de Santiago de Compostela, considerouse axeitado realizar dentro do ano 2006 un Curso de Verán sobre "Desenvolvemento rural en Galicia". Esta consideración partía desde dúas ópticas diferenciadas, por unha banda un cambio de orientación política da Administración Autonómica e por outra o interese de reflexionar sobre a situación actual e as perspectivas de futuro do noso medio rural a principios do século XXI.

Con esta iniciativa e a colaboración do Departamento de Enxeñería Agroforestal da Universidade de Santiago de Compostela desenvolveuse un programa moi ambicioso onde se intentaba que os diferentes axentes que interveñen no desenvolvemento do medio rural de Galicia puidesen intercambiar opinións e ideas no ámbito universitario, pero coas características propias dun curso de verán.

Afortunadamente a resposta foi significativa, tanto por parte do alumnado, polo seu número e variedade de procedencias, como dos diferentes relatores invitados. Podemos comentar e agradecer a participación e colaboración, prestada desde o primeiro momento polas Consellerías de "Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible" e "Medio Rural" da Xunta de Galicia, dos Colexios Profesionais, dos diferentes técnicos do ámbito agroforestal, dos representantes dos Centros Universitarios de formación, Centros de Investigación e Centros de Transferencia Tecnolóxica da nosa Comunidade; así como aos representantes sindicais e de diferentes compañeiros en labores universitarias que plasmaron desde diferentes ópticas o desenvolvemento rural de Galicia.

Este número da serie técnica da revista do IBADER, Recursos Rurais, contén os diferentes relatorios presentados no curso. É necesario advertir ao lector que froito da heteroxeneidade das ópticas dos participantes conteñen conferencias cun amplío abanico de criterios, desde documentos e traballos científicos, á enumeración de resultados ou actividades, así como exposición de propostas. O cal o converte nun documento adecuado para reflexionar sobre o futuro do medio rural galego.

Agradecer a todos os participantes no curso, o seu apoio, interese e entusiasmo, sinalando especialmente a aqueles relatores que aceptaron e cumpriron o compromiso de trasladar a súas conferencias a este documento.

Os directores do Curso, novembro de 2006

Relatorio

Xoán Carlos Carreira Pérez

A experiencia na formación dos técnicos agrarios

Recibido: 14 Outubro 2006 / Aceptado: 23 Novembro 2006
© IBADER- Universidade de Santiago de Compostela 2006

Resumo Plantexase a importancia da crise do sector agrario e a súa influencia na demanda de formación por parte da sociedade de titulados nos sectores agrarios. Reflexionase sobre os roles e características dos agricultores do futuro e como estas van a determinar a demanda de formación para os alumnos. Para poder coñecer cales son as características dos alumnos formados na Escola Politécnica Superior de Lugo amósase o traballo de máis e 1000 enquisas realizadas os recien titulados antes do ano 2004. Os resultados poñen de manifesto que o grande esforzo formativo non está perfectamente involucrado cos sectores os que van destiñados a exercer a súa profesión os novos enxeñeiros.

Palabras chave crise do sector agrario · formación universitaria · escola de enxeñeiros rurais · avaliación da docencia

Abstract In this presentation, we focus on the importance of the agricultural sector crisis and its effects on society's demand for specific education for graduates in agricultural sectors. We reflect on the roles and characteristics of future farmers, which will determine the demands of education for students. In order to know the characteristics of the students trained at the Higher Polytechnic School of Lugo (*Escola Politécnica Superior*), we present a study consisting of more than 1000 surveys that was conducted among recent graduates before 2004. The results reveal that there is not a perfect link between the large educational effort made and the sectors in which young engineers will work.

Key words Agricultural Sector Crisis · University Education · School of Rural Engineering · Teaching Evaluation

A formación universitaria dos técnicos e técnicas agroforestais non é allea ao propio desenvolvemento do sector polo que sería un erro analizar a situación da formación universitaria sen aproximarnos aínda que só sexa moi por riba, á situación do sector agroforestal en Galiza.

Creo que ninguén poñerá en dubida que o sector agrario está atravesando (se cadra sería mellor dicir atravesou) unha profunda crise que aínda que se deu dun xeito moitas veces silencioso non deixa de ser dunha enorme magnitude e que, ao remate, ofrece un panorama radicalmente diferente do de hai só un cuarto de século. Esta crise supuxo unha diminución brutal da poboación activa agraria xa que en vinte anos pasou de preto de medio millón de persoas a pouco mais de cen milleiros.

Esta crise ten moitas vertentes e moitos puntos de análise. A respecto do que hoxe nos ocupa vou a salientar tres:

a.- En primeiro lugar a crise trouxo un despoboamento do medio rural e abortou a sucesión nas explotacións agrarias. A maioría delas desapareceron e, sobre todo, quedaron sen continuidade xeracional. Este feito dáse tanto nas pequenas explotacións como naquelas que puideramos chamar viábeis. Así hai un sector de xente moza que, aínda que puidera ter un medio de vida na súa explotación agraria, decide, por si mesmo ou impulsado pola familia, buscar medio de vida fora do sector. Esta situación lévanos ao seguinte:

- A falla de alumnado nas carreiras de carácter agroforestal que proceda do sector é dicir aquel que obxectivamente estaría máis interesado nunha formación técnica universitaria

- O desinterese por seguir mellorando tecnicamente as explotacións

- A perda de atractivo da vida no medio rural

- O feito de que como causa ou consecuencia (ou ben as dúas cousas dende unha perspectiva dialéctica) a Administración reduciu significativamente a súa intervención no sector e eso afectou a unha profesión moi dependente daquela e que naceu e viviu durante preto de 150 anos como un corpo administrativo e intervencionista

b.- En segundo lugar a crise afondou no escasa valoración da profesión agraria. A perda de expectativas e autoestima xa existía tradicionalmente nun no que non era doado acadar o éxito económico, mais esta crise que case podemos volver chamar finisecular incidiu nesta valoración por comparación e porque os ingresos económicos das explotacións permitiron buscar alternativas de estudo e de traballo fora do sector. O estudo contribuíu cando menos subxectivamente, e neste caso negativamente para o sector, á mobilidade social ascendente

c.- En terceiro lugar o desenvolvemento económico do sector agroforestal fixouse sobre a base do monocultivo. A especialización productiva no sector gandeiro, sobre todo lácteo, que hoxe xa representa preto de dúas terceiras partes da PFA e o eucalipto (e o piñeiro en menor medida) que supoñen preto do 90% das cortas no sector forestal, tivo como consecuencia o esborrallamento doutros sectores mais tradicionais e para os que os técnicos xa a penas servían. Podemos dicir que este desenvolvemento non foi autoxerado senón en certa maneira inducido dende o exterior, con técnicas e procesos importados e con moi pouca achega propia ao que hoxe en día podemos chamar I+D. Así nin se desenvolveron industrias agroalimentarias fortes, nin industrias de insumos. Somos meros compradores de tractores, maquinaria, abonos ou mesmo sementes. Temos fracasado na formulación dun potente sector agroindustrial tanto no sector do leite como no da carne e en case que todas as producións agrícolas agás excepcións e dedicámonos a exportar materia prima sen transformar, de moi pouco valor engadido, mentres importamos dende queixos a conservas vexetais.

Para isto os técnicos/as a penas fan falla, só se necesitan bos axentes comerciais.

Pero á crise do sector en Galicia veuse engadir a propia crise do concepto de agricultura, gandeira ou produción forestal a nivel mundial e polo tanto do papel das persoas que traballan no sector, entre elas os/as técnicos/as agrarios/as. Non hai moito comezouse a falar da multifuncionalidade na agricultura (no ano 1995 coa axenda 21 e no Cumio de Luxemburgo en 1997). En 1998 definíse como "a característica dunha actividade económica (agricultura) que produce resultados e efectos múltiples e interconectados".

Estamos pois en plena redefinición das interacción entre o rural e o urbano, un novo enfoque se cadra do que en Galicia coñecemos como o vello conflito vila-aldea, e que hoxe se empeza a coñecer como novas ruralidades.

En resumidas contas, como lle escoitei dicir ao profesor Oliveira Baptista estase a pensar se a agricultura ou a explotación forestal é só unha actividade para producir alimentos ou materias primas ou se agora mesmo tamén é (e debe selo no futuro) unha actividade que presta servicios

que poden e deben ser valorados. Non vou entrar a fondo nesta cuestión de grande calado mais habería que pensar se para a sociedade é mais rendíbel ter un actividade agroforestal subvencionada pero que conserva o medio, a cultura e a paisaxe que unha actividade agroforestal rendíbel en termos de mercado pero que despois esixe o gasto dos cartos públicos para que a administración "corrixa" a destrución que provoca do medio ambiente, da paisaxe e dos valores culturais.

A esta crise xeral incorpóranse os técnicos/as agrarios coa súa propia crise que eu resumiría en tres aspectos:

a.- O seu novo papel no sector derivado por unha banda da cada vez menor dependencia da Administración e polo tanto o abandono do seu papel funcional, extensionista (ou "misioneira" entre os "pobres labregos incultos") e pola contra do incremento do seu papel cada vez máis ligado a empresas ou cooperativas dirixidas por persoas altamente cualificada tecnicamente

b.- O seu papel na redefinición da agricultura a nivel mundial, nun sector agroforestal multifuncional, se cadra produtor de servicios como xa temos indicado..

c.- Por fin o seu novo papel nun sector que cada vez se diversifica mais. Non hai moito o concíbíase a explotación agraria como un conxunto e polo tanto o apoio tamén a Administración asumía a actividade agraria como un todo: productora, seleccionadora de variedades, constructora das infraestruturas que necesitaba, mesmo industrializadora dos seus propios produtos a traveso da produción artesanal de queixos, chourizos ou viño, etc.

Hoxe cada unha destas actividades é unha galla da actividade agroforestal de enorme envergadura, con vida e dinámica propias que moitas veces nada ten que ver coas outras pólas da actividade agroforestal. Neste contexto o vello debate entre formación xeralista e formación especialista pasa a ter especial intensidade. ¿Somos capaces de manter unha formación xeralista asumindo o saber necesario en todas as ramas que aínda forman parte das nosas competencias? ¿E bo agora perder unha excesiva especialización que nos faga perder a visión de conxunto e que nos quite versatilidade? Posiblemente este debate, coma a partida de brisca que xogaba o cura no conto de Anxel Fole, estará permanente inacabado.

Feita esta longa introducción que mais ben é unha pequena aproximación ao estado da cuestión sería ben pasar a falar en concreto da formación dos técnicos agrarios en Galicia e moi concretamente na EPS a mais grande e antiga das escolas agroforestais do sistema universitario galego, posiblemente a mais completa e que ten proporcionado por primeira vez en Galiza, unha nova xeración de dirixentes no sector agroforestal formados no país

Durante o ano 2004 e co fin de conseguir datos para realizar o libro branco das titulacións agrarias e forestais realizouse unha enquisa entre os titulados/as dos últimos cinco anos. Dado o elevado numero de respostas (preto de 1000) consideramos que os datos poden ser representativos.

Unha análise das necesidades de formación que expresan as persoas enquisadas dínos que os/as titulados/as creen

que o máis importante é a formación daquelo no que traballan. Así os/as que traballan no ámbito da produción vexetal creen que o máis importante é a formación en Tecnoloxía da produción vexetal (cultivos, horticoltura e fructicultura) á que sitúan en primeiro lugar mais a formación neste ámbito temático é pouco importante para aqueles/as que traballan en consultarías e/ou proxectos que o sitúan no poso vinte en canto á importancia.

Así mesmo os titulados/as detectan un déficit de formación nestes terreos segundo cal sexa o campo no que se desenvolve o seu traballo. Volvendo ao mesmo exemplo para aqueles/as que traballan no eido da produción vexetal a formación recibida neste ámbito temático foi escasa (esta menos valorada que a importancia que ten) e sen embargo aqueles/as que traballan en Proxectos e consultarías consideran que recibiron máis formación da que precisan.

O mesmo exemplo podíamos poñer coa valoración da formación recibida en proxectos e que está situada en primeiro lugar (en canto á importancia para o seu traballo) naquelas persoas que o desenvolven en consultarías mais os/as que traballan en produción vexetal sitúana no posto 8 ou 10 e consideran que recibiron máis formación que a necesaria.

Podíamos concluír nun primeiro momento que se debería incrementar a formación específica nas especialidades. Isto podería ser unha boa opción se os titulados/as de cada especialidade atoparan traballo de xeito moi maioritario nos ámbitos da súa especialidade mais isto non é así. En termos xerais só o 48% traballa en empregos específicos da súa titulación, mentres que a outro tanto (46%) a titulación servíulle para o acceso mais non traballa en temas específicos da súa especialidade.

Estes datos poden ser un exemplo característico de botella medio chea ou medio valeira segundo se mire. A amplitude e versatilidade destas carreiras é unha caracter definitorio das mesma. Ate aquí seguro que estamos de acordo, mais se é bo ou malo que a xente encontre traballo en temas que non son específicos da súa titulación xa é outro debate. En todo caso é unha realidade e para servila posiblemente a intensidade da formación nos distintos ámbitos deba situarse nun punto medio. Aínda que sexa insuficiente para aquelas persoas que van traballar nos temas específicos (de acordo coa súa opinión) e excesiva para quen non traballa neles (segundo a súa opinión) parece que a opción, con matices e correccións, é bastante axeitada.

Polo que respecta ás competencias de tipo transversal, son aqueles/as que se dedican a proxectos e consultaría e, sobre todo, os/as que se dedican a traballos de desenvolvemento rural e ordenación do territorio os/as que dan máis importancia a capacidade de planificar e elaborar traballos, estudos técnicos e proxectos de enxeñería e mesmo a capacidade de planificar e elaborar traballos de I+D. É significativa a importancia que se lle da a este último aspecto entre as persoas que traballan en industrias agroalimentarias como se nos quixeran dicir que é neste sector onde máis I+D se demanda, ademais do da ordenación territorial.

A experiencia laboral mediante convenios Universidade-Empresa e a experiencia en intercambios internacionais non é considerada en xeral das máis interesantes para ningún sector de emprego, sendo os titulados de segundo ciclo no ámbito de proxectos e desenvolvemento rural quen máis importancia lle dan. Posiblemente esta situación teña cambiado algo ou vaia a cambiar nos últimos anos e é en certa maneira contradictoria co feito de que exista un número significativo de persoas (7% de media que pode acadar o 16% nalgúns especialidades) que encontran traballo a traveso de prácticas en empresa

Outro aspecto interesante é o papel das chamadas materias básicas. En xeral, como é lóxico as persoas enquisada non as consideran moi importantes para o desenvolvemento do seu traballo, mais así mesmo, en xeral, non considera que exista nin déficit nin exceso na oferta formativa destas materias. Curiosamente aínda que non sorprendentemente, a lo menos para quen escribe, dáselle máis importancia á materias básica en persoas con titulacións de segundo ciclo. En todo caso os fundamentos da produción vexetal e animal (Fisioloxía, mellora, protección, nutrición animal, ...) sí son considerados importantes naquelas persoas que traballan neses ámbitos temáticos.

Finalmente todos os/as enquisados consideran que hai un déficit importante de formación no ámbito da política e lexislación.

Polo que respecta ás enxeñerías de montes e forestais os campos de traballo son menos diversificados. Podíamos agrupalos en tres. Case unha terceira parte (29 %) encontra traballos relacionados coa silvicultura, ordenación de montes, pascicultura e repoboacións. Case un 20% traballa en consultarías e proxectos e un 14 % en xestión ambiental. O resto diversifícase en distintos tipos de emprego.

Aquí pódese facer a mesma consideración que en agrícolas-agrónomos. Aquelas persoas que traballan no ámbito temático da silvicultura consideran que este tipo de materias, xunto coas de repoboacións forestais, ordenación de montes, etc. son as máis importantes para o seu traballo e consideran que existe un déficit de formación. Pola contra as materias básicas ou outras como construción e electrificación se consideran pouco necesarias e mesmo con un "exceso" de formación. Non opinan así, sen embargo, aqueles/as que traballan en consultarías e proxectos. Para quen traballa na xestión de recursos naturais, a ecoloxía e impacto ambiental é o máis importante para desenvolver as súas funcións e detectan un importante déficit de formación.

Polo que respecta as competencias transversais tamén se consideran máis importantes a capacidade de planificar e elaborar estudos, traballos técnicos e proxectos que a experiencia internacional ou a laboral por convenios Universidade-Empresa. A capacidade para planificar e elaborar traballos de I+D non acada aquí a importancia que se lle da nalgúns empregos típicos da enxeñería agronómica.

Un aspecto importante que nos permiten analizar as enquisas é o xeito de atopar emprego. Máis do 50% faíno a traveso de iniciativa propia ou de contactos persoais. Os

mecanismos de axuda de busca de emprego ou as practicas en empresa xogan un papel que non é moi significativo aínda que pode ser significativo nalgún caso.

En canto ao nivel de emprego parece ser alto, se ben preto dun 6% estaba no paro e levaba mais dun ano buscando traballo. Se nos fixamos no tempo que se tarda en atopar o primeiro emprego hai que salientar que practicamente o 60% atópao antes de seis meses despois de rematar a carreira mais tamén un 7% tarda mais de dous anos. Estes datos tamén admiten valoracións. En todo caso a elección da carreira dun xeito vocacional, non só inflúe no tempo quen se tarda en rematala senón tamén, ao parecer, no tempo que se tarda en atopar un emprego. Así entre as persoas que escolleron estas carreiras como primeiro opción a porcentaxe de persoas que levan mais dun ano buscando emprego é só do 4%, sen embargo esta porcentaxe disparase ate o 10% entre aquelas persoas que non a escolleron en primeira opción.

En canto ao tipo de empresas nas que traballan os titulados/as destas carreiras destaca o peso aínda importante da Administración máis xa se abren outros campos como o da I+D, aínda minoritario (7%). En todo caso o máis salientábel, ao meu xeito de ver, é o feito de que case ninguén se emprega xa no sector productivo directo (5%) e moi poucos nas industrias agrarias ou forestais (7%). O emprego está vinculado sobre todo ao sector servicios, onde as enxeñería teñen un peso moi importante (31%).

Esto, como se pode observar, non deixa de ser unha radiografía da situación actual do sector que se complementa coa análise do tamaño das empresas empregadoras. Observase que as de maior tamaño son as industrias e a administración e que son as empresas de enxeñería as de maior dimensión entre as de servicios. Pola contra tres cuartas partes das empresas dedicadas directamente á produción teñen menos de 15 empregados/as.

Estes datos, en resumidas contas, dannos a pista para centrar os temas dun debate ao que como xa dixen antes non lle vexo trazas de rematar nunca (se cadra aí está a súa grande virtude e potencial).

a.- primeiro tema de debate xa o apuntei con anterioridade é o da especialización fronte a formación xeralista. As empresas parecen querer unha formación mais deste ultimo tipo que proporciona versatilidade, a posibilidade de reconversións e formación específica para as necesidades concretas da empresa (súper-especialización). Así nas enquisas realizadas ás empresas para elaborar o libro branco destas titulacións, aquelas consideran que o máis importante nun técnico/a agrario ou forestal é que dispoña dunha formación universitaria xeral na súa titulación con capacidade de adaptación a distintos postos da empresa e o segundo que dispoña de capacidade xeral para a adquisición de habilidades prácticas concretas na propia empresa.

O alumnado normalmente ve as cousas de distinta maneira. Quere especialización porque pensa que canto maior sexa esta mais vai saber e ten a va ilusión de así terá mais seguridade cando empece a traballar.

Se temos que preparar á xente para o mercado laboral e este prefire xeralismo podiamos dar por rematado o debate senón fora porque formación xeralista e formación especializada son conceptos cualitativos e non é doado saber onde está o limite entre ambas. Posiblemente nunca o saberemos porque o mundo é cambiante e os limites tamén.

b.- En segundo lugar hai que abordar o debate sobre a duración dos estudos intimamente ligado ao anterior. ¿En cantos anos é posible que unha persoa adquira unha formación que o capacite para entrar no mercado laboral? Boa pregunta se fora doado contestala, mais non o é. Poderíamos pensar que depende se a formación é mais xeralista ou mais especializada, mais isto non é así. Unha formación excesivamente xeralista podería darse en poucos anos, mais unha formación xeralista algo mais intensa posiblemente necesite carreiras de ciclo longo. O mesmo se pode dicir da especialización. Unha súper-especialización posiblemente podería darse en carreiras de ciclo corto, mais unha especialización mais intensa ou menos centrada nun aspecto concreto obrigaría a carreiras de ciclo longo. Total que tampouco aquí avanzamos nada. Menos mal que parece que o tema nos vai quedar resolto por decreto.

c.- O terceiro grande tema de controversia nunha titulación como a nosa é o seu carácter “enxeñeril” fronte o carácter “científico”, debate que tamén ten moitas arestas. Así unha delas podería ser a importancia que se lle debe dar a formación en materias básicas fronte a formación en materias específicas que á súa vez forma parte do debate entre formación xeralista e especializada. Nunha carreiras coma a nosa onde existe un papel moi grande dos dous aspectos o debate tampouco ten unha solución doada e mais agora cando a I+D+i nas empresas e na sociedade vai ser potenciada (agardamos que sexa así) xa que os investimentos da Unión Europea nos próximos anos van ter fundamentalmente ese destino.

d.- O cuarto eixo dos debates é a intensidade e o tipo de formación práctica que debemos dar. Partindo da premisa de que formación práctica é necesaria e que nas nosas carreiras representa hoxe preto do 50% do total da docencia, ¿qué tipo de formación práctica debemos dar?.

O alumnado acostuma a confundir practica con habilidade. Para eles/as ter unha boa formación practica é adquirir habilidade nunha técnica concreta (saber manexar un aparato topográfico, conducir un tractor, preparar unha disolución,...). Mais a habilidade é algo que só se adquire co tempo e dispoñemos de demasiado pouco durante a carreira. Sendo así ¿que tipo de practicas debemos dar?. Partindo que se debe coñecer e practicar no posible as técnicas que se consideren necesario, ¿deben ser as practicas estadias ao estilo doutros países en lugar de practicas parcializadas por materias? ¿debemos deixar a adquisición de habilidades para unha formación posterior na empresa ou en posgraos específicos?.

e.- Por fin o último eixo do debate ao meu entender está no papel da Técnica con maiúscula. Hai quen pensa que a Técnica ou a Ciencia é neutral mais eu non son deses. A Técnica nunca é neutral, sempre está ao servizo de intereses sociais, económicos, políticos, por eso a formación técnica debería incluír, ao meu modo de ver, unha certa formación social, humanística e económica. As nosas carreiras xa a teñen en parte por aquela visión “redentorista” do medio rural co que naceron e se desenvolveron. Sería bo adecuala aos tempos actuais, mais non falta quen considere que eso da socioloxía rural, a historia agraria ou a política agraria son meros adornos dos que se pode prescindir.

De cara ao futuro cabería continuar con estes debates. Para resolvelos nin hai receitas, nin solucións permanentes no tempo. Haberá que afrontalos nunha revisión continua á que estamos abocados para alegría duns e descontento doutros.

Pero ao mesmo tempo cabería botarse para fora co fin de ollar o bosque no que estamos metidos ese que as árbores non nos deixan ver, non vaia ser que o tempo teña pasado e o bosque xa non sexa o mesmo, porque as árbores morreron, naceron, perderon (ou ganaron) follas ou cambiaron de cor. Vou tratar de ollar outra vez o bosque da noso sector agroforestal.

En máis dunha ocasión temos escoitado que un país, Galiza neste caso, debe aproveitar as súas vantaxes comparativas. ¿Poñer en valor, como. se di agora, a agricultura tradicional significa actuar neste camiño?.

Moitas veces a reivindicación de conservar os noso bosques, o noso patrimonio etnográfico, a nosa paisaxe, a nosa agricultura, a nosa gandería faise dende unha perspectiva conservadora (mais que conservacionista). Sen embargo hai outra visión que pode unir a valorización das prácticas agrícolas tradicionais coa modernidade e o futuro xa que aquí podemos ter unha vantaxe comparativa.

O modelo de intensificación xeradora de excedentes, o modelo de gandería e agricultura industrial que quedou duramente cuestionado coa crise das “vacas tolas” pode que teña os días (ou anos ou decenios) contados no noso contorno xeográfico. Por elo aqueles soutos que non foron destruídos gracias ao atraso económico, e que seguen poboando aínda unha parte importante das nosas serras orientais pode que agora sexan un ben estratéxico dende o punto de vista económico.

O mesmo poderíamos dicir da nosa agricultura tradicional. Nun contexto de reconversión ou evolución cara unha produción respectuosa co medio e garante de calidade e seguridade alimentaria, chamémoslle ecolóxica en sentido amplo, a pervivencia aínda das prácticas de agricultura tradicional en Galicia pode ser unha vantaxe comparativa. Non vou insistir nos aspectos positivos destas prácticas (outras persoas poderán facelo mellor ca min), sen embargo se cadra ten interese lembrar algún sen ser exhaustivo:

A importancia da fertilización orgánica e os seus beneficios sobre o solo fronte aos excesos da fertilización mineral parecen hoxe evidentes.

A existencia de sebes que serven de refuxio a fauna que axuda aa controlar pragas pode facer que mesmo agradezamos que en algures non chegaran determinadas prácticas de reordenación da propiedade que se aplicaron nalgunhas concentracións parcelarias.

A utilización de variedades autóctonas se aínda estamos a tempo de conservalas e recuperalas pode permitir unha oferta de produtos diferenciados recolectados en temporada.

En todo caso a concepción da agricultura tradicional como unha posible vantaxe comparativa de Galiza significa reflexionar sobre algunhas cuestións que me atrevo a formular aquí sendo consciente que non deixan de ser en certo modo unha herexía pero como sabedes a penas houbo avances sociais e científicos que non naceran nunha teoría que nun principio foi considerada herexía. Non quero dicir que este sexa o caso, mais s axúdame a reflexionar en alto.

a.- A primeira reflexión que me fago e vos fago é de se o minifundio segue a ser, no século XXI, un problema para o desenvolvemento agrario de Galicia. O mais moderna das agriculturas convencionais é hoxe a chamada “agricultura de precisión” e/ou a “rega por goteo” que discrimina as labores, a rega, e tratamentos a dar, etc. en función non xa da parcela senón de cada parte da parcela. Os tractores guiados por satélite e demais avances, poden cambiar mesmo as doses de tratamentos, abonado, densidade de semente, etc.. segundo por onde estean a traballar. Claro que estamos falando de parcelas de centros de Has nunha agricultura altamente tecnificada. Mais pensando un pouco ¿non resposta o minifundio a unha adaptación ao medio ademais dunha necesidade social que levaba á división da propiedade?, ¿Non é o minifundio, en certa maneira, unha agricultura de precisión, feita, eso sí, a base dun enorme esforzo humano? Xa que logo non valerá a pena coñecer por qué se dividiu o territorio do xeito que se fixo ao longo de tantos anos? ¿non será reconvertibel nunha “agricultura de precisión” á galega e polo tanto un punto de partida para coller o sendeiro da modernidade dando un salto no tempo?.

b.- En relación co anterior non teño claro se debemos seguir cifrando as nosas esperanzas de desenvolvemento agrario no sector lácteo e gandeiro e/ou. Dada a evolución, os cambios nos hábitos de consumo (co avance da alimentación baseada ou máis orientada cara os vexetais), dados os problemas de saúde que xera unha alimentación que produce taxas alarmantes de obesidade ¿Non será o momento de apostar estratéxicamente, de novo, pola produción agrícola agora dende unha perspectiva ecolóxica en sentido amplo, tomando a dianteira neste terreo nun mercado que vai seguir expandíndose sen parar nos próximos anos? ¿Debemos enfocar a formación dos técnicos/a agrarios neste camiño?.

c.- A terceira das reflexión ten que ver cos avances de I+D+i no sector agrario. ¿Non será máis útil recoller o que os labregos e labregas investigaron (sí, investigaron ou experimentaron, como queirades) a traveso dos tempos e que ate de agora desprezamos como atraso? Tivo que ser Abel Bouhier, quen demostrara claramente a tremenda

eficacia dunha prácticas agrícolas que usaban do xeito máis sustentábel posíbel os recursos dispoñíbeis. Este saber aproveitar o medio de xeito sustentábel (qué concepto máis vangardista que xa era practicado polos nosos avós) pódese perder na próxima década senón facemos un esforzo investigador para recollelo pois hai unha xeración a punto de desaparecer, mais ¿convenceremos a alguén que esto é realmente investigación, desenvolvemento e innovación?.

d.- Outro aspecto que se está poñendo en cuestión como xa dixen é propio concepto de agricultura., A agricultura tradicional (ou aquela pola que entendo debemos apostar no futuro) xera riqueza paisaxística, descontaminación de solos e augas, etc. como parte do propio proceso productivo e , en certa maneira , indisolublemente unida a el. Sen embargo non é remunerada. Non debería haber dúbidas sobre o feito de que os/as labregos/as deben ser remunerados/as polo sociedade xa que resultados consubstanciais do propio proceso productivo convértense hoxe en bens sociais de enorme valor.

Hai varias formas de remunerar esta función social da agricultura tradicional, dende unha renda básica parcial para aquelas persoas que practiquen determinado tipo de agricultura, ate a valoración do que supón o respecto do medio e da paisaxe e a conservación de recursos naturais .

Por exemplo no Plano Zonal Agro-Ambiental do Parque Nacional da Peneda Gerês, avalíase cal é o custe e como debe ser remunerado o compromiso de utilizar especies locais, cultivar e gardar as sementes en cantidade suficiente para nova sementeira, proporcionar sementes para o Banco Nacional de Germoplasma Vegetal., etc. Tamén se avalía por exemplo cal é custe e como debe ser remunerado o compromiso de mantemento do cultivo en socalcos, incluíndo recuperación de muros de soporte en mal estado de conservación e o mantemento dos que estean en bo estado, etc..

Un recente traballo do profesor Albino Prada confirma unha intuición que xa tiña sobre a dispoñibilidade dos galegos e galegas a pagar pola conservación do medio e en contía nada desprezable, superior mesmo aos doutros países. Non hai pois desculpa para que os poderes públicos non afronten este tema cunha opinión pública tan favorable como amosa o estudio.

e.- A ultima reflexión refírese á agricultura a tempo parcial ou simbiótica en termos mais propios dos economistas galegos. Reflexionemos sobre os seguintes datos: o número de persoas que están inscritos na Seguridade Social Agraria en Galicia son 57000, a poboación activa agraria estimase en 117000 persoas e as Unidades de

Traballos necesarias para obter a Producción Agraria estimanse en 194000. Aquí reflíctese a importancia económica deste tipo de agricultura (que probablemente non recolle axeitadamente o a metodoloxía de cálculo do PIB). Sen embargo, sempre foi considerada como unha agricultura de segundo orde que en nada axudaba á modernización porque non permitía unha profesionalización axeitada paso indispensable para a modernización e intensificación da produción agraria. Mais ¿Segue a ser valido esta análise nun contexto onde moitos labregos e labregas de tempo parcial son precisamente os depositarios/as daquelo que hoxe debemos valorizar? ¿Segue e ser válido hoxe esta valoración da agricultura a tempo parcial cando os seus “defectos” implícitos poden ser hoxe “vantaxes comparativas” ?.

Será ben que deteña as reflexións e as preguntas aínda que quedan algunhas máis. Tan só unha ultima cuestión final. A crise a pesares das connotacións negativas que está tomando hoxe a palabra, non é, en definitiva, mais que un cambio que ofrece sempre unha oportunidade de avance. Por eso se acostuma a dicir que quen supera a crise persoal ou colectiva sae reforzado. Esta posiblemente é a nosa oportunidade.

En resumidas contas, dende o meu punto de vista, a formación dos técnicos, debe orientarse baixo as seguintes premisas:

1.- Non hai dúbida (a lo menos para min) que estamos ao remate dunha crise agraria en Galicia e no comezo do debate para saír dela. A formación dos técnicos debe encadrarse neste contexto.

2.- O papel da agricultura a nivel mundial está cambiando e non pode entenderse xa como unha actividade que só produce materias primas para a alimentación ou a industria, senón unha actividade prestadora de servizos e polo mesmo aquilo que os técnicos deben saber e nos que debemos formalos debe ter en conta esta nova realidade.

3.- A formación dos técnicos debe estar comprometida co país, coa necesidade de I+D, cunha visión social progresista e transformadora.

4.- Os debates sobre formación xeralista fronte a formación especializada, sobre o tipo de formación práctica e sobre a duración dos estudos debe continuar na busca permanente dun equilibrio que sempre será inestable e esixira de novos reequilibrios para adaptarse aos tempos. Hai que fuxir de receitas neste terreo e facer, en cada momento, a análise concreta da realidade concreta (e sen quere-lo saíume unha cita de Carlos Marx para rematar).